

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 23 de decembro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora.: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se debatía o punto 9º da orde do día, e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2022.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 25 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 25 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE HORA E DE DATA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS CORRESPONDENTES AO PLENO ORDINARIO PROVINCIAL A REALIZAR NO MES DE XANEIRO 2023.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cambiar a hora e a data das sesión das comisión informativas correspondentes ao pleno ordinario provincial a realizar no mes de xaneiro 2023, realizándose todas elas o mércores día 18 de xaneiro, en horarios de 16.30 (Transparencia e Administración Provincial), 17.00 (Economía e Facenda), 17.30 (Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural), 18.00 (Reto

Demográfico, Benestar e Emprego), 18.30 (Termalismo, Turismo e Medio Ambiente) e 19.00 horas (Cultura, Deportes e Mocidade).

2º.- A sesión plenaria ordinaria correspondente ao mes de xaneiro de 2023 mantense na data 27 de xaneiro de 2023, ás 10.00 horas.

3º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2022.-

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Fai uso da palabra para sinalar que o seu grupo se vai abster, apuntando que lle chama a atención que existan facturas que veñen do ano 2021, se ben entenden que se deba a problemas de tramitación administrativa ou da propia empresa á hora de presentar as facturas.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que as facturas sempre hai que pagalas e que este é un problema que arrastran case todas as AAPP, e que se trata de facturas presentadas incorrectamente ou fóra de prazo. Neste expediente hai certas facturas de certas empresas habituais da casa polo que xa deberan coñecer ben a forma de tramitación. Para rematar sinala que o seu grupo votará a favor.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Nesta quenda refírese á xustificación que figura tanto na proposta como no informe de intervención, para a aprobación deste expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo pleno provincial. Aclara que se trata tan só de dezaseis facturas e por un importe que supoñen un 0,28 % do orzamento provincial. Engade que se trata dun procedemento habitual en todas as AAPP.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), do Grupo Socialista (9), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 2022/14613Q e autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2022, nas partidas orzamentarias correspondente, das seguintes facturas:

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
12021009753	20.12.2021	PARADELO SA (NIF:A32104515)	Sillas varias	2.022,50 €
12021009922	28.12.2021	PINTEGA ENXEÑERÍA SL (NIF:B-32342198)	Revisións APP	2.090,88 €
12022000254	20.01.2022	EDITORIAL GALAXIA SA (NIF:A-36603314)	Anuncio na revista "Grial 232"	1.995,00 €
12022000111	05.01.2022	CONMAR CULTURA SL (NIF:B-32405755)	Subministración de 100 exemplares do libro "Verín de Verín" de Xosé Carlos Caneiro	2.000,00 €
12021009858	13.10.2021	DRONVAL SLU (NIF: B27836568)	Gravación e elaboración de video promocional Ribeira Sacra	3.999,00 €
12021009837	18.10.2021	GRUPO CUEVAS NOGUEIRA TRAIL (NIF: G-32463622)	Patrocinio Trail Ribeira Sacra 2021	2.999,59 €
12021009833	25.11.2021	CALDARIA TERMAL SLU (NIF: B-32191348)	Torneo triangular balonmán	14.755,00 €
12021009834	25.11.2021	CALDARIA TERMAL SLU (NIF: B-32191348)	Torneo fútbol sala feminino	8.939,00 €

Núm. Factura	Data da factura	Provedor	Obxecto	Importe
12022001618	17.03.2022	BARRERAS DE SEGURIDAD SL	Certificación núm. 1 e final. Proxecto de sinalización turística. Concello de Paderne de Allariz. Ref. 17/16/2020.	45.120,00 €
12022000280	21.01.2022	EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS SA	Certificación núm. 3. Reforzo de firme con mistura asfáltica na OU- 0460, travesía O Carballiño. Pk 0000 a 0598. Concello do Carballiño. Ref. 118/POS/2020.	5.219,63 €

12022000260	20.01.2022	CRUZVAL OBRAS Y SERVICIOS SL	Certificación núm. 1. Acondicionamento interior do centro social de Alén. Concello de Beariz. Ref. 11/POS/2020.	11.999,99 €
12022000249	19.01.2022	EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS SLU	Certificación núm. 7. Pavimentación de rúas en Rubiá. Concello de Rubiá. Ref. 26/16/2020.	5.260,70 €
12021010444	31.12.2021	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	Certificación núm. 1. Estrada Gomariz-Tixós. Concello de Baltar. Ref. 41/16/2020.	91.345,43 €
12021010440	29.12.2021	ROSA KARINA MARRA GIL	Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. Obra: mellora da área recreativa da Ponte. Concello de Pontedeva. Ref. 67/POS/2020.	2.000,00 €
12021010027	30.12.2021	ALFESAN SL	Certificación núm. 1. Mellora da área recreativa da Ponte. Concello de Pontedeva. Ref. 67/POS/2020.	48.000,00 €
12021007055	20.09.2021	VÍAS E SERVIZOS COMPOSTELA SL	Certificación núm. 1. Renovación de infraestruturas e reposición do pavimento na R/Pireira. Concello da Rúa. Ref. 45/16/2019.	31.630,95 €

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DITADOS DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda Economía.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Pereiro de Aguiar a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 15 de novembro de 2022, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos, nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Pereiro de Aguiar, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlle ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA DE TITULARIDADE PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OU-0505, MUNICIPIO DA PEROXA

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a desafectación da seguinte parcela sobrante de titularidade provincial, correspondente á OU-0505, no municipio da Peroxa:

Denominación	PQ inicial	PQ final	Lonxitude	Anchura	Superficie	Tipoloxía	Función
Sobrante OU-0505 entre pq 12+150 e pq 12+220 marxe dereita	12+150	12+220	70 M	variable	153,93 m2	Convencional	Local

En todo caso, a incorporación ao patrimonio da Corporación Provincial dos bens desafectados con carácter patrimonial non se entenderá efectuada ata a recepción formal pola Presidencia dos ditos bens, e en tanto esta non teña lugar, os bens seguirán tendo o carácter de dominio público.

Unha vez desafectada a devandita parcela e adquirida a súa condición de ben patrimonial, tendo en conta a solicitude formulada polo Concello da Peroxa, de cesión da parcela para a instalación nela dunha fosa séptica, procederá a tramitación de expediente de cesión, conforme co procedemento previsto no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais.

6º.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA REGULADA POLA ORDE TED 934/2022 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DA

CONCESIÓN DE AXUDAS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA E A PRIMEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2022) EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE PROXECTOS DE DIXITALIZACIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EN DIANTE “PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA”), PUBLICADA NO BOE N° 235 DO 30 DE SETEMBRO DE 2022.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para felicitar ao director da Área de Medio Ambiente da Deputación polo detalle da información subministrada na comisión informativa sobre este asunto e engade que o seu voto será favorable á proposta da Presidencia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que esta iniciativa lle parece ben encamiñada e que o propio concello de Allariz xa se adheriu a esta, lembrando que pola normativa aprobada no ano 2025 todos os contadores da auga van ter que ser contadores intelixentes, polo que se vai ter que chegar a esta medida por esta vía ou por outra. Engade que, relacionado con esta cuestión, imos ter un problema coas traídas de augas privadas ou comunitarias xa que non teñen ningún tipo de contador, instando ao goberno desta Deputación a que realice algún estudo ou traballo para empezar e tomar medidas sobre este asunto, xa que se trata dun problema real ao que vai ter que dárselle unha solución a esta realidade do territorio galego.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para sinalar que esta iniciativa foi moi ben explicada na comisión informativa polo director da Área de Medio Ambiente e que o grupo de DO vai votar a favor dela.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza destacando que cando as cousas se fan ben soen saír ben, e que con este proxecto saen beneficiados os concellos da provincia e a veciñanza en xeral, así como a propia Deputación, e que se trata dun

procedemento claro, transparente e de concorrencia competitiva. Remata indicando que o seu grupo vai apoiar esta iniciativa.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que estamos ante un proxecto de enorme importancia para esta Deputación e para esta provincia, e comeza destacando o apoio unánime desta corporación, así como o enorme traballo realizado desde a Área de Medio Ambiente da DPO e desde a sociedade Aquaourense. Sinala que se trata dun proxecto para captar fondos Next Generation UE e cuxo obxectivo é transformar o modelo da auga a nivel provincial. Engade que se trata dun proxecto denominado “OU-Intelixente: a provincia da auga”, cun orzamento total de 13.492.102,36 € (IVE excluído), e unha subvención solicitada de 10.000.000,00 € (IVE excluído), e que será solicitado pola sociedade provincial de augas Aquaourense, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por concorrencia competitiva para a elaboración de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrencia competitiva de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Destaca que a Deputación sería a encargada de realizar a achega da cantidade do proxecto non subvencionada polo PRTR. En canto aos datos de participación sinala que son moi positivos xa que hai 79 concellos adheridos dos 91 concellos de menos de 20.000 habitantes e dos que 83 cumprían as condicións para poder adherirse. Engade que este proxecto suporá a instalación de 63.000 contadores domiciliarios de auga intelixentes, 200 contadores intelixentes en alta, a dixitalización de 22 sistemas de abastecemento, a dixitalización de 139 sistemas de depuración, entre outras medidas, así como a posta en marcha dun centro intelixente da xestión da auga a nivel provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Participar na convocatoria, a través do operador “AQUA OURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE, SA”, regulada na Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas por

concorrenza competitiva para a elaboración de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga e a primeira convocatoria de subvencións (2022) en concorrenza competitiva de proxectos de dixitalización do ciclo urbano da auga no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en diante, “PERTE dixitalización do ciclo da auga”), e aceptar expresamente o procedemento e condicións regulados nela.

2.- Aprobar a solicitude que se presenta na convocatoria por parte de “AQUAOURENSE, SOCIEDADE PROVINCIAL DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE, S.A.”, coas seguintes actuacións subvencionables e a provisión de dotacións orzamentarias contempladas en cada unha delas:

-Actuación denominada “OU-Intelixente: a provincia da auga”, cun orzamento total de 13.492.102,36 € (IVE excluído), e unha subvención solicitada de 10.000.000,00 € (IVE excluído).

3.- A Deputación comprométese a financiar a parte non subvencionada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico con cargo aos orzamentos ordinarios dos exercicios aos que se refire o proxecto, e como máximo, os previstos no artigo 37 da convocatoria, a través das aplicacións orzamentarias que sexan precisas, adecuadas e suficientes, e incorporando a correspondente xeración de créditos e as dotacións correspondentes ás actuacións subvencionadas no orzamento vixente e/ou nos futuros proxectos de orzamentos da Deputación.

4.- O compromiso da Deputación de dispor dos recursos, tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha durante polo menos o primeiros cinco (5) anos de actividade.

5.- O compromiso da Deputación do envío da información sobre os usos da auga que se lle requira polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, segundo o disposto no apartado d) do artigo 33 da Orde TED/934/2022, do 23 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022 do PERTE da dixitalización da auga.

6.- Que todos estes compromisos quedan condicionados á obtención da subvención solicitada.

7º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, DE DON JOSÉ LUÍS OUTEIRIÑO RODRÍGUEZ.-

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que está completamente de acordo con esta proposta, xa que José Luis Outeiriño foi un empresario referente desta provincia e que da nada creou un medio de comunicación recoñecido por medio mundo.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Dende o BNG sinala que van votar a favor desta proposta polo que procede a darlle os parabéns á familia de José Luis Outeiriño.
- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para sinalar que o seu grupo político considera moi atinada esta proposta de título honorífico a José Luis Outeiriño, destacando a importancia de figuras como a del para a nosa provincia, e para a súa cohesión. Recorda que desde o seu xornal contribuíu á divulgación da nosa cultura e neste camiño foi quen de impoñerse aos retos que o paso do tempo lles impón aos medios de comunicación. Para rematar lembra o acto celebrado polo concello de Ourense hai dez anos para conmemorar o centenario do xornal La Región e no que o propio José Luis expresara o seu desexo de que o xornal cumprira os douscentos anos.
- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que unha vez que o pleno ratifique esta decisión continuará a tramitación do expediente cara a esa decisión de concesión do título de fillo predilecto, indicando que en todo caso queda patente que se trata dunha figura que concita a unanimidade da corporación. Anuncia por último, que o grupo do PP votará a favor desta proposta.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez), do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente de nomeamento de fillo predilecto da provincia, a título póstumo, de don José Luís Outeiriño Rodríguez, mediante *a seguinte providencia do 16 de novembro de 2022.*

“Esta Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, ordena a apertura de expediente para o nomeamento como fillo predilecto da provincia a título póstumo de D. José Luís Outeiriño Rodríguez, falecido o 26 de marzo de 2019. polo seu labor na divulgación da provincia de Ourense.

José Luis Outeiriño foi un loitador e un imprescindible na historia provincial no último medio século, defensor da información e dos periódicos locais, presidente de honor de La Región, fundador de La Región Internacional y Atlántico Diario, entre outras iniciativas, tamén foi conselleiro de Telemiño e de Rías Baixas de Producción de Vídeo e Televisión SA e TeleCíes.

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

1º.- Incoar o expediente para o nomeamento de José Luís Outeiriño Rodríguez como fillo predilecto da provincia a título póstumo.

2º.- Designar ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil como instrutor do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. O deputado instrutor actuará asistido polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

3º.- Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”

8º.- OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON JOSÉ QUIROGA SUÁREZ (PETÍN 1920-A RÚA 2006).

O Sr. presidente cédelle a palabra ao instrutor do expediente para que dea lectura á proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Rosendo Luis Fernández (Grupo Popular), dá lectura á seguinte proposta formulada polo instrutor nomeado para este expediente:

“O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias, segundo sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne político don José Quiroga Suárez, informa o seguinte: Que por providencia do presidente da Deputación, don Manuel Baltar, de data 4 de febreiro de 2022, se dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión honorífica de **FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE A TÍTULO POSTUMO**, como homenaxe desta, ao destacado político don José Quiroga Suárez, e tendo en conta o acordo alcanzado neste sentido coa alcaldesa de Petín, o alcalde da Rúa e o senador Miguel Bautista. Conforme co capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomeouse instrutor do expediente ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don Rosendo Fernández Fernández e, secretario deste, ao asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense e tamén na súa destacada implicación social. Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación Provincial, para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste político tan comprometido coa nosa provincia e con Galicia. Recibidos numerosos escritos de adhesión, de institucións, asociacións ou particulares a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, correspóndelle agora á Corporación Provincial en sesión plenaria honrar a memoria dun home tan querido e admirado, para a imperecedeira constancia e a transmisión ás futuras xeracións. **DECLÁRANSE ASÍ FEITOS PROBADOS:** Algunhas persoas desenvolven a súa vida estritamente ligadas a este territorio que os veu nacer, e a súa actividade transcende fondamente aos seus límites da provincia contribuindo a fomentar o coñecemento desta poboación a niveis insospeitados. Este é o caso do político José Quiroga. Quiroga Suárez naceu en Petín o 4 de xullo de 1920. Recibindo as primeiras ensinanzas no seu pobo natal, para continuar a formación facendo o bacharelato en Monforte de Lemos. Posteriormente, seguindo a profesión de médico que exercía o seu pai, licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela en 1944 coa cualificación de sobresáinte e premio extraordinario de fin de carreira. Foi interno, por oposición, do Hospital Clínico de Santiago, posgraduado no Hospital Clínico da Facultade de Barcelona. Tamén foi bolseiro para especializarse en Valdecilla, pero elixiu exercer a medicina como “médico de cabeceira”, tal e como se denominaba naquela época, e exercer xunto co seu pai en Petín, para posteriormente facelo na Rúa durante 50 anos. Compatibilizou a medicina con outras iniciativas rurais da zona, acadando nos anos setenta a presidencia da Cooperativa Vinícola Nuestra Señora de las Viñas. Casou con Julia Gayoso, formando con ela unha ampla familia con 9 fillos e 15 netos. Á marxe da súa profesión de médico, José Quiroga era un home preocupado pola vida social que tocou naquel momento do posfranquismo, que, sen dúbida, moveu a moita xente a implicarse para intentar acadar unha sociedade mellor e máis xusta e unha reorganización política do país que nos achegara a Europa sen complexos. Médico por vocación e político por devoción, foi unha persoa moi culta, un gran lector, gran coñecedor

da historia e gran melómano; nisto influírono grandemente os seus mestres de Petín dende a nenez. Cando acaba o franquismo optou polo compromiso coa democracia e embarcase na política que sempre o apaixonou. Tiña moi claro que había que superar os odios e resentimentos que arrasaran o noso país. Sabía que había que aprender a convivir. En Ourense, no ano 1977, ao redor da figura de Eulogio Gómez Franqueira, empresario e persoa moi influínte en toda a provincia, fundan entre un pequeno grupo de persoas, no que estaba Quiroga Suárez, e dende o ámbito do cooperativismo agrario, o partido Acción Política Orensana. Posteriormente fúsiónanse co partido de Pío Cabanillas e pasan a integrarse na Unión de Centro Democrático que dirixe Adolfo Suárez, gañando as eleccións de 1977, nas que José Quiroga foi elixido senador, sendo o político máis votado de toda Galicia. Formou parte das Cortes constituíntes que foron as responsables de aprobar a Constitución de 1978. Ocupou o posto electo de senador durante tres lexislaturas, a constituínte, a primeira e a segunda. Participou activamente en moitas comisións: Comisión de Sanidade, de Autonomías, Constitucional, Obras Públicas, Suplicatorios, Asuntos Iberoamericanos, Dereitos Humanos, Incompatibilidades ou Traballo e Emigración. Tamén foi secretario da Comisión do Defensor do Pobo. Trala crise da UCD, moitos membros do partido intégranse noutras formacións xa existentes, pero Quiroga Suárez, xunto coa maioría do grupo de Ourense, fundan un novo partido, Coalición Galega, formación pola que foi elixido como deputado autonómico que compatibilizaba co seu cargo de senador nacional. Quiroga Suárez mantívose sempre en posicións centristas que nunca abandonou, mesmo formando parte da operación reformista de Miquel Roca, defendendo sempre o consenso e a figura de Adolfo Suárez como líder fundamental da transición política española. O presidente Adolfo Suárez, con motivo do nomeamento de Quiroga como Fillo Predilecto de Petín dedicoulle estas palabras que o definen perfectamente: “José Quiroga es un ejemplo a seguir. Tanto en los cargos que ocupó, como fuera de ellos. Fue una referencia común de lealtad, tolerancia y sabiduría”. No primeiro goberno de Galicia, do presidente Antonio Rosón, ocupa o cargo de conselleiro de Traballo e conselleiro de Sanidade. Sucede a Rosón en 1979, cargo no que tomou posesión o 9 de xuño de 1979, pasando a ser presidente da Xunta de Galicia ata o ano 1981, período este no que baixo o seu mandato se redactou o Estatuto de Autonomía para Galicia que entrou en vigor en 1981. Nesta etapa de goberno presidido por José Quiroga tocoulle crear as bases da actual estrutura política de Galicia, sobre a que el mesmo escribiu “Sin más bagaje político que un decreto de creación de los entes Preautonómicos, sin la necesaria experiencia para enfrentarnos con una obra tan trascendental, sin medios económicos para iniciar el camino, sin contar con el respeto político por parte de las instituciones gallegas y sin disponer de sede, ni espacio físico para poder reunirnos. Contábamos, eso sí, con nuestra gran ilusión y la resolución necesaria, para luchar contra la indiferencia, venciendo los obstáculos que pudiésemos encontrar, empujados por la seguridad de que estábamos colocando los cimientos firmes para la solución de graves y seculares problemas de Galicia, tantas veces frustrados y para la elevación a la categoría de Comunidad Histórica, que también nosotros, con la colaboración de los partidos que elaboraron la Constitución del consenso habíamos diseñado”. A José

*Quiroga tocoulle defender o Estatuto de Autonomía para Galicia no Senado. Da súa intervención quedan recollidas no diario de sesións unhas palabras cheas de sentimento, responsabilidade histórica e emoción para a súa querida terra na sesión do Pleno do Senado do 17 de marzo de 1981, na que se defendía a ratificación do Estatuto, cumprindo co precepto que a Constitución esixe no artigo 151, rematando a súa intervención con estas palabras: “Pienso que haber tenido en el día de hoy esta gran ocasión de defender el Estatuto de Autonomía para Galicia, mi tierra, ante esta Alta Cámara y hacerlo como Senador del reino y como Presidente de la Xunta de Galicia, supone tan grande honor que, por sí solo, justifica una vida, aunque dentro de ella todo lo demás sea insignificante”. Figura vital no desenvolvemento do autogoberno galego. Xa retirado da vida política volveu á súa terra, onde mantivo aberta a súa consulta médica na Rúa ata a xubilación, cumprindo medio século de exercicio dunha profesión que nunca abandonou, exercendo mesmo os sábados nos que atendía aos seus pacientes, compatibilizando esta vocación coa súa intensa vida pública. Desta maneira confirmase a teoría daquel médico histopatólogo berlinés do século XIX, que xustificaba a habitual dualidade medico-político daquela época como “o medico é aos seus pacientes o que o político aos seus cidadáns, é dicir saúde e ben común respectivamente. Recibiu a condecoración de Medalla de Caballero de la Orden del Mérito Constitucional e coa Cruz de Venezuela de Fernández Miranda. Tamén é Fillo Predilecto de Petín, de onde foi alcalde entre 1953 e 1956. Jose Quiroga Suárez faleceu na Rúa o 18 de outubro de 2006, localidade onde se lle segue lembrando como un gran orador e un fantástico contador de anécdotas, proba disto e do apego que tiña á súa terra, referíase así mesmo como: “Soy uno de esos gallegos antiguos que nacían, merodeaban, ejercían y se morían en el mismo sitio”. **CONSIDERANDO POIS:** Que as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no político don José Quiroga, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento social ou económico. Que sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a don JOSÉ QUIROGA as honras previstas no noso Regulamento. Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación Provincial a seguinte, **PROPOSTA:** Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado político don JOSÉ QUIROGA SUÁREZ, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle a distinción de **FILLO PREDILECTO DA PROVINCIA DE OURENSE A TÍTULO POSTUMO**, como homenaxe e recoñecemento do pobo de Ourense a un dos grandes prohombres da autonomía galega, que coa súa contribución, xunto coa doutros homes e mulleres, acadaron para Galicia catro décadas de benestar e progreso. Elevarlle a presente proposta ao Pleno da Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede”.*

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para sinalar que non ten nada que engadir ao relatorio do instrutor do expediente polo que manifesta a súa conformidade coa concesión deste título honorífico.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta o apoio do grupo do BNG a esta concesión pola ampla traxectoria de servizo público de José Quiroga Suárez.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Indica que procede darlle os parabéns a toda a veciñanza da comarca de Valdeorras e á familia deste ilustre político por esta concesión.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Comeza agradecendo o impulso a esta proposta da alcaldesa de Petín, ao alcalde da Rúa, e ao senador Miguel Bautista, sinalando que no día de hoxe rematamos este expediente co outorgamento deste título honorífico de fillo predilecto da provincia de Ourense, indicando que se tratou dun valdeorrés leal, cabal e que contribuía a que a transición política en España e a volta á democracia chegase a bo porto. Para rematar sinala que en momentos complicados para a súa familia, quere transmitirlles os parabéns por este nomeamento.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto e don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Outorgarlle a distinción honorífica de Fillo Predilecto da Provincia de Ourense, a título póstumo, a don José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006), de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A DISTRIBUCIÓN XUSTA E EQUITATIVA DOS FONDOS PÚBLICOS EUROPEOS QUE RECIBIRÁ A DEPUTACIÓN PARA DIXITALIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Procede a dar lectura á moción do seu grupo na que se sinala que, para impulsar o proceso de modernización das administracións públicas e dos servizos que prestan, o pasado 1 de setembro de 2022, o

Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou a Orde do Ministerio de Política Territorial pola que se conceden axudas, dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado polo Goberno de España, para facilitar para impulsar a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais. En total, esta convocatoria reparte axudas por valor de 154,5 millóns, que se asignan aos destinatarios en función da súa poboación, beneficiando especialmente aos de menor poboación. O obxectivo final destas axudas é garantir que a administración local estea en condicións de modernizar o seu funcionamento, co fin primordial de mellorar os servizos prestados á cidadanía. Concretamente teñen por obxecto que deputacións e concellos promovan proxectos para “mellorar a accesibilidade dos servizos públicos dixitais a cidadáns e empresas” e “reducir a fenda dixital”; para “mellorar a eficiencia e eficacia dos empregados públicos” ou para a “reutilización de servizos e solucións dixitais” e a “utilización activa das tecnoloxías emerxentes en novos servizos dixitais”. O Goberno de España realizou, no seo das institucións europeas, un importante esforzo para que as deputacións e os concellos dean un salto adiante en materia de modernidade. Grazas a estes investimentos, as entidades locais ourensáns poderán acometer actuacións ambiciosas que lles permitan superar algunhas das trabas e necesidades que, historicamente, viñeron dificultando a súa capacidade para incorporar as vantaxes das novas ferramentas dixitais. Grazas a esta convocatoria, a Deputación Provincial de Ourense acadou 1.391.678 euros públicos de europeos. Este diñeiro debería destinarse especificamente a por en marcha proxectos que beneficien aos concellos de menor poboación e, por tanto, de menor capacidade. Estes concellos son, sen dúbida, os que máis necesitan dun esforzo para a modernización e dixitalización dos seus servizos, xa que, en moitos casos, nunca contaron con medios suficientes para actualizar o seu funcionamento. Para os municipios especialmente envellecidos ou con problemas de reto demográfico –moi numerosos na provincia–, esta oportunidade é histórica e pode resultar especialmente vantaxosa, xa que permitiría crear sistemas que contribuirían a acabar coa fenda dixital e mellorar os servizos sociais ou a atención ás persoas dependentes. Nesta convocatoria, a nosa provincia recibiu case 1,4 millóns. O sistema de distribución determinado polo Goberno central beneficiounos especialmente xa que, por poboación, a provincia ourensá representa menos do 0,7 % da poboación española, pero a distribución destes fondos asignada a Ourense supera o 0,9 % do total dispoñible. Estamos ante unha gran oportunidade que a Deputación de Ourense nin pode nin debe deixar pasar, sobre todo, sabendo que o Consello de Contas de

Galicia vén de facer público un extenso informe no que conclúe que esta é a institución provincial que, ata o de agora, menos axudou aos municipios á implantación de melloras encamiñadas a implantar e fortalecer a administración electrónica, a pesar do deber legal de asistencia e cooperación. Concretamente, o máximo órgano fiscalizador do sector público galego detalla neste informe que “a intensidade da asistencia prestada” é “a máis baixa das catro deputacións, prestándose unicamente o servizo de cartafol cidadán e hosting, o que supón un incumprimento das competencias atribuídas” na Reguladora das Bases do Réxime Local.

Rematado o prazo de presentación destes proxectos establecido no BOE e coñecendo os antecedentes do goberno provincial no que á distribución dos fondos públicos de todos e todas se refire, desde o PS de G-PSOE de Ourense queremos reclamar neste pleno, máximo órgano colexiado da provincia, unha distribución xusta, obxectiva e equitativa destes cartos públicos europeos para a modernización das entidades locais, independentemente da cor política ou da afinidade do alcalde ou alcaldesa co presidente ou presidenta provincial. Os fondos que distribúe esta deputación, na inmensa maioría dos casos, outórganse sen ningún tipo de criterio obxectivo e equitativo, mediante prácticas desterradas das institucións democráticas que só serven para retroalimentar redes clientelares e provocar maiores desigualdades entre os veciños e veciñas dunha mesma provincia, incumprindo o fin e o espírito destes axudas da Unión Europea. E, por iso, os e as socialistas defendemos un tratamento plenamente democrático destes recursos acadados polo Goberno central mais, xa que está comprobado que, ano tras ano, nesta institución, o Partido Popular e os seus socios e socias, seguen a apostar por un sistema inxusto e desigual, que lles permite manter e retroalimentar esas redes clientelares, que se traducen en casos de nepotismo, ineficiencia, malgasto ou incluso corrupción. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo:

- 1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial da institución a executar unha distribución dos fondos públicos que recibirá do Goberno de España, para impulsar a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais fundamentada, en todo caso, en criterios obxectivos, xustos e equitativos.
- 2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial da institución a impulsar proxectos especialmente dedicados á protección da poboación máis vulnerable e, en particular, a aqueles que teñan por obxecto reducir a fenda dixital e favorecer o funcionamento da atención ás persoas maiores e dependentes, no marco dos fondos públicos

que recibirá do Goberno de España para impulsar a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais. 3º.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense apoia ao Goberno de España por ter conseguido fondos públicos da Unión Europea que impulsarán a dixitalización das entidades locais, permitíndolles aos concellos ourensáns avanzar na ansiada modernización dos seus servizos, unha convocatoria que beneficia especialmente a provincias como Ourense, ao recibir unha porcentaxe de axudas por enriba do seu peso poboacional.

Engade que o grupo socialista presentou preguntas por escrito dirixidas ao goberno provincial o pasado día nove de setembro no que se preguntaba si se ía a trasladar esta orde a todos os concellos, e sobre si se ía a realizar un reparto xusto, obxectivo e equitativo dos fondos entre todos os concellos desta provincia. Sinala que o grupo socialista non cesa no seu empeño de que se repartan os fondos con criterios democráticos, e máis cando se acaba de coñecer un novo informe do Consello de Contas, de novembro de 2022, no que se di que a Deputación de Ourense é, entre as catro Deputacións de Galicia, a que menos apoia a implantación da administración dixital nesta provincia, incumprindo o que di o artigo 36.1 g) da Lei de Bases de Réxime local respecto as súas obrigas cos concellos de menos de 20.000 habitantes. Indica que ante esas preguntas formuladas o día nove, a Deputación respondeu o día quince indicando que si se trasladaría esta orde a todos os concellos, e respecto aos criterios de reparto indicou que se estaba a traballar nun proxecto que abarcase as cinco liñas previstas nesta orde. É dicir, o grupo de goberno non deu resposta a estas cuestións concretas plantexadas polo grupo socialista, agardando que todas as respostas deben ser facilitadas no seo deste debate xa que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado día quince decembro.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar que o importante desta cuestión é o texto da moción presentada, que na súa exposición de motivos indica literalmente que “...xa que está comprobado que, ano tras ano, nesta institución, o Partido Popular e os seus socios e socias, seguen a apostar por un sistema inxusto e desigual, que lles permite manter e retroalimentar esas redes clientelares, que se traducen en casos de nepotismo, ineficiencia, malgasto ou incluso corrupción...”. Sobre esta afirmación pregunta por quen están comprobados os casos de corrupción nesta administración, e se é polo gabinete de asesores do grupo socialista, que tamén se dedica a faltar ao respecto a través das súas RRSS, para logo recomendar que cando se presenten este tipo de mocións se informe mellor,

xa que a Lei de axuízamento criminal prevé o delito de omisión do deber de perseguir delitos para os que coñezan no exercicio do seu cargo público, engadindo que se efectivamente o señor Rodríguez-Villarino ten comprobado que existen casos de corrupción nesta Deputación debe poñelo inmediatamente en coñecemento do ministerio fiscal. Remata indicando que hai certas palabras que non se poden empregar á lixeira, polo que debe retirar esas verbas da moción que explicou e que asina, e que é unha mágoa que o grupo socialista siga con esta forma de facer política.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza indicando que estamos a falar, con esta subvención do goberno, do “chocolate do loro”, xa que se distribuimos linealmente o importe total da subvención entre todos os concellos da provincia, saíría a uns 15.293,16 € por concello, que para administración electrónica supón unha cantidade moi reducida se temos en conta as necesidades existentes. Sinala que o papel sigue circulando nas entidades locais, e así o seguen solicitando determinados departamentos do Estado ou da Xunta de Galicia, polo que a veces se dubida de que a administración electrónica vaia cara adiante. Sobre o éxito que trata de vender o grupo socialista de que a esta provincia lle toque o 0,9 dos fondos e non o 0,7 que nos correspondería por poboación, sinala que é evidente que a cantidade total é moi reducida para as nosas necesidades, e pregunta a quen van dirixidas realmente as axudas dos Fondos Next Generation, xa que os pequenos concellos non poden acceder a practicamente ningunha das liñas de axuda. O sistema de reparto de fondos está primando aos grandes concellos, ás grandes cidades mellor dito, e está sendo opaco, e cando chega á Xunta de Galicia esta administración súmase a este modelo de reparto de fondos, no que se non se coñecen os criterios de reparto. Engade que co mal que se falou do Plan E de Zapatero, polo menos o reparto era con criterios obxectivos e transparentes, e o sistema de reparto era bastante mellor que este. Indica que se debería instar ao Goberno central e ao Goberno da Xunta a que o reparto dos Fondos Next Generation se faga con criterios claros e certos dentro do marco que establece a UE, para que así realmente cheguen aos nosos concellos e á nosa veciñanza.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza indicando que esta moción está formulada sobre algo que aínda é futurible, xa que aínda non temos a resolución da concesión das axudas e descoñecemos o seu prazo de execución e que seguramente vai supoñer unha carga de traballo moi elevada para o servizo promotor, neste caso o de administración electrónica da DPO. Engade que lle sorprende que se presentase a moción o día 9, e que días

máis tarde a ministra Reyes Maroto nun foro realizado nesta provincia afirmou que para esta provincia van vir catro millóns de euros para plans de sostibilidade turística que serían para a Asociación O Carballiño-O Ribeiro, Asociación do grupo rural de Valdeorras, e outro para o concello do Carballiño. Por está razón entende que esta moción debería presentarse tamén nestes concellos ou neste pleno para pedir un reparto equitativo entre todos os concellos dos plans de sostibilidade turística, pero é evidente que o grupo socialista cambia o seu discurso segundo lle interesa. Sobre o sistema de reparto dos fondos Next Generation sinala que hai dúas opcións, ou un reparto obxectivo similar ao do Plan E de Zapatero, ou ben un proxecto como o que presenta esta Deputación Provincial, formulado en global para tentar de transformar dixitalmente a nosa provincia. Sobre a ausencia de transparencia deste goberno provincial que se indica na moción apunta que esta é máxima, xa que todos os concellos da provincia recibiron unha circular da Deputación informándolles desta convocatoria e preguntando polas necesidades de cada concello, e a este requirimento tan só contestaron os concellos de Petín, Amoeiro, Calvos de Randín, Piñor e Muiños. Ante isto os técnicos desta Deputación presentaron proxecto en tempo e forma pensando en global e que abarcan tres das cinco liñas desta convocatoria e polo importe máximo previsto. A continuación informa das tres liñas que se incluíron no referido proxecto e que son as seguintes: creación dunha oficina única virtual para a provincia e os concellos, espazo de datos a nivel provincial, e espazo de información global na nube dando soporte a todos os concellos. Remata indicando que se ten actuado coa máxima transparencia e que se presentou un proxecto que será moi bo para toda a provincia.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que por fin parece que o grupo socialista está a obter algo de información sobre o proxecto presentado por esta Deputación, indicando que se podería ter respondido antes deste pleno xa que o proxecto se presentou o día 15 de decembro e as preguntas por escrito foron formuladas con moita antelación. Engade que a transparencia non é tanta, xa que só o goberno provincial participou na elección das liñas estratéxicas deste proxecto, e que o que realmente debe preocupar é cal vai ser o criterio de distribución entre os concellos da provincia que empregue esta administración, vistos os seus antecedentes. Engade que as liñas do proxecto foron elixidas polo goberno provincial sen consultar con ninguén e que deben repasar o listado de concellos que realizou achegas porque por exemplo si as fixo o concello de Ribadavia e non foi citado polo voceiro popular. Seguidamente indica que en principio as actuacións

enumeradas polo voceiro popular que se inclúen no proxecto lle xeran dúbidas sobre a súa utilidade práctica para os concellos desta provincia. Por último diríxese á deputada non adscrita para indicarlle que le a moción maliciosamente para non se sabe que, e que ela non é precisamente a máis indicada para dar leccións de nada, lembrando o seu transfuguismo político, e que os votos dun determinado político lle serviron para acceder ao seu posto de deputada, que logo abandonou ese partido, e que agora xa está outra vez afiliada ao PP.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Brevemente indica que o que é patético é a intervención que acaba de facer o señor Rodríguez-Villarino, e que ela se limitou a dar lectura, palabra por palabra, ao texto da moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que por suposto que está de acordo co reparto equitativo dos fondos nesta Deputación, pero isto debe ser aplicable a todas as AAPP, empezando pola UE, e seguindo polo Estado e pola Xunta. Sobre o reparto dos Fondos Next Generation manifesta que ao seu xuízo non están sendo transparentes, e que non están sendo dirixidos aos pequenos concellos e ao medio rural. Así sinala que non vai ter ningún inconveniente en apoiar o reparto que se pide nesta moción, se ben matiza que o importe non lle parece suficiente, e insiste en que o reparto dos fondos Next Generation que fan Estado e Xunta ten moitas eivas e debería mudarse para que realmente poida chegar aos concellos da nosa provincia, dun xeito proporcional e con criterios obxectivos, xa que parece que só veñen dirixidos para as grandes cidades, polo que insiste en facer un fronte común contra un sistema de reparto que non ten en conta as necesidades dos concellos desta provincia.

- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Nesta quenda volve insistir na máxima transparencia na elaboración do proxecto, no que se pediu a opinión a todos os concellos da provincia, lembrando a política de “estar ao rebufo” do grupo socialista, que non acude nin presenta iniciativas no pleno do estado da provincia e agora ben aquí simplemente a criticar.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Diríxese ao voceiro popular para lembrarlle que el foi doce anos alcalde do concello de Amoeiro e que se presentou ás eleccións do concello de Ourense e foi a lista máis votada, mentres que o voceiro popular sempre foi nas listas electorais de recheo. Volve reclamar un reparto xusto e equitativo dos fondos provincias dando lectura a un parágrafo da moción no que sinala que *“...xa que está comprobado que, ano tras ano, nesta institución, o Partido Popular e os seus socios e socias, seguen a apostar por un sistema inxusto e desigual, que lles permite manter e*

retroalimentar esas redes clientelares, que se traducen en casos de nepotismo, ineficiencia, malgasto ou incluso corrupción...”. Matiza que isto non o di el só, que así figura nun texto do doutorado José Abreu, da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, que ven de presentar un documento de traballo previo á tese de doutoramento neste ano 2022 pola Universidade de Barcelona e que se titula “La corrupción política en España, un análisis descriptivo 2000-2020”, e no que a provincia de Ourense figura como número dous en número de casos de corrupción, con 16 casos por cada 100.000 habitantes, con 6 condenas nesta provincia, e todas elas para cargos do Partido Popular. Remata indicando que non terían ningún problema en retirar a palabra “corrupción” se con isto van apoiar esta moción, recoñecendo que se conseguiron fondos europeos para isto, e que se pide un reparto xusto e equitativo dos fondos que perciba esta Deputación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (1).

10º.- MOCIÓN DO BNG PARA FORTALECERMOS A ATENCIÓN PRIMARIA E A ATENCIÓN DE URXENCIAS HOSPITALARIAS.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza polo final, xa que a emenda de substitución do PP cambia totalmente o espírito da moción orixinal, polo que entende que o PP debería ter presentado a súa propia moción e non empregar esta vía para modificar as iniciativas políticas doutros grupos. A continuación toma a palabra para dar lectura á iniciativa política do seu grupo, na que se sinala que o PP na Xunta é o responsábel da actual atención da sanidade pública galega. Todas as medidas (e as non medidas) que tomou nestes

13 anos teñen levado a un forte deterioro deste servizo público básico e fundamental en calquera sociedade moderna, se a sanidade pública funciona ben, non hai necesidade de acudir á privada e de facer seguros de saúde e dende logo supoño que vostedes tamén terán tido múltiples chamadas nos últimos anos ofrecendo seguros privados de saúde, o cal non deixa de ser un indicador do camiño que leva a sanidade pública, a sanidade de todos e todas. O PP á fronte da Consellería de Sanidade da Xunta ten permitido por acción e omisión que o dereito á atención sanitaria, á proximidade, á accesibilidade se teña visto seriamente limitada. Poñendo en risco á poboación e ós e ás profesionais, que na maioría dos casos poñen moito máis alá do contractualmente obrigado para sacar adiante a atención as e os pacientes. Non hai médicas, non hai pediatras, non hai enfermeiros porque: Recortaron o orzamento, aínda hoxe ten 47 millóns de euros menos que hai 13 anos. Non tomaron medidas malia saberen desde hai anos que ían faltar profesionais para cubrir todas as prazas existentes, as xubilacións, as vacantes. Converteron en norma intersubstitucións: prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 ou os que fagan falta. Contratos precarios, cun mal-trato permanente que fai que fuxan. Así, dos 89 MIR de familia que remataron este ano, só 30 aceptaron quedarse. E agora pretendese que aceptemos como normal a falta de atención, días de espera para ter unha cita, miles de galegos sen médico de referencia, os PACs sen médicos, os e as nosos nenos e nenas sen atención pediátrica, ou que as ambulancias non cheguen a tempo, e as urxencias dos hospitais estean saturadas. Ademais das listas de agarda que non se cree ninguén neste País, o sistema é ven sinxelo ata que non sei que te vou atender quedas no limbo e logo xa te vou apuntando, cando vislumbro que te vou poder chamar. Isto loxicamente tamén incrementa a carga dos Centros de Atención primaria, as Urxencias, por patoloxías recorrentes que non son atendidas en tempo e forma nas especialidades e quedan co tratamento e incluso a operación cirúrxica adiadas meses cando non anos, todos nós temos exemplos próximos. Mentres isto ocorre, hai un drenaxe constante de pacientes á sanidade privada, para quen poida pagala, e quen non, fica agardando ata próxima chamada. Non podemos asumir como semella fai a Xunta, contaxiada sen dúbida de aires madrileños, que se poda chegar a abrir Puntos de Atención Continua sen médicos. Estamos fartas desta situación da que responsabilizamos ó PP, non por capricho, senón porque son os que deben xestionar a sanidade galega con eficiencia e responsabilidade, sempre están a defender que o Goberno do Estado non dota as suficientes prazas de médicos en formación, e posiblemente este podería ser máis xeneroso no fornecemento de prazas MIR, mais non se pode escorrer o vulto cando

dos noventa que finalizaron non quedan nin a metade (40), 12 aínda non se decidiron, 20 marchan a urxencias e o resto marchan do País. É urxente tomar medidas, porque a Atención Primaria é a base e a atención de Urxencias acaba saturada sen este primeiro filtro, con semanas de agarda para unha cita. E logo pasa o que pasa, cunhas urxencias que se converten nunha especie de hospital de guerra, sen a mínima dignidade para os pacientes e un grave risco de desborde para os profesionais, que chegan a extremos de desborde que fan perigar a súa saúde dos pacientes. Se caen estes servizos, derrúbase o resto do sistema sanitario. Ás veces semella que os recursos son gastados sen criterio, namentres no meu Centro de Saúde de referencia Allariz, se instalan televisores para facer chamamento aos pacientes (que supoño nunca funcionarán, sendo obvio que non fan falla e que incluso serán un problema para as persoas maiores se nalgún intre se poñen en funcionamento), lastimeiramente puideron comprobar que non había biombos nas urxencias do CHUO e as profesionais, tiñan que andar sacándoos duns pacientes para outros a cada intervención, algo que lles pode asegurar resulta bochornoso para elas e para os que alí temos a desgraza de acudir. Por iso o grupo provincial do BNG de Ourense propón os seguintes acordos: 1º.- Instar á Xunta de Galicia a aumentar o orzamento destinado á atención primaria ata chegar ao 25%. No inmediato aumentar o 2,2% (máis de 200 millóns de €) para chegar á media do Estado. 2º.- Instar á Xunta a incrementar a estabilidade dos cadros de persoal para que teñan tempo para atender pacientes, tanto na atención primaria como nas urxencias. Rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais co fin de garantir calidade asistencial, e que traballar e conciliar non sexa misión imposible. 3º.- Instar á Xunta a pór en marcha un plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais. 4º.- Instar á Xunta á incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas... con profesionais, que si están ao dispor no mercado laboral, para poderen ser contratad@s. 5º.- Solicitalle ao Sergas que doten aos servizos de saúde dos medios materiais imprescindibles para salvagardar a dignidade d@s pacientes, en calquera caso isto é tan importante para os pacientes e as súas familias como a propia calidade da atención médica. 6º.- Instar ao Goberno de España a incrementar as prazas no MIR e o EIR, para conseguir un número de novos profesionais con formación en medicina e enfermería, homologable á importante cantidade que están a xubilarse e @s que o farán proximamente. 7º.- Instar ao pleno provincial da Deputación de Ourense a apoiar publicamente e animar á

veciñanza a asinar ILP da plataforma SOS sanidade pública en favor de fortalecer a atención primaria.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar que entre todos debemos coidar e mellorar o noso sistema sanitario, e que unha cuestión tan importante non debera ser politizada.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que o seu grupo apoiará a moción do grupo do BNG e absteranse na emenda que formula o grupo do PP.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para sinalar que esta moción xa foi debatida cando hai un ano foi presentada polo grupo socialista neste pleno, apuntando que a reformulación da atención primaria segue a ser un asunto sen resolver. A continuación lembra como no ano 2008 todo o noso sistema sanitario sofre un recorte moi grande e que a peor parte a leva precisamente a atención primaria, a cal está sendo desvirtuada, e o seu principal problema son as axendas saturadas nos poucos profesionais sanitarios que hai nos centros de saúde. Os médicos de atención primaria levan tempo reclamando a mellora das súas condicións, e que leva a que teñan que atender diariamente ao dobre do número máximo de pacientes que marca o propio goberno galego. Os nosos profesionais da atención primaria, aos que aplaudimos durante a pandemia pola dedicación e esforzo, son os mesmos que agora están reclamando melloras e cambios dun sistema deseñado hai corenta anos e que precisa dunha reformulación urxente, e deben ser escoitados, xa que levan anos denunciando a falla de recursos e de saturación. A convocatoria de máis prazas MIR pode ser unha axuda pero hai que ter presente que as prazas da atención primaria son sempre as últimas en cubrirse, xa que se trata dunha especialidade desprestixiada a día de hoxe e pouco atractiva pola súa precariedade laboral. Nos derradeiros anos constátase unha fuxida dos médicos dos nosos centros de saúde cara aos hospitais ou cara á sanidade privada, se ben a maior fuga prodúcese cara ao estranxeiro (Portugal, Suecia ou Gran Bretaña), polo que é urxente mellorar non só os seus salarios, senón as súas condicións laborais, para facer máis atractiva esta especialidade, polo que debe ser a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que trate de revertir esta situación que ameaza o noso sistema sanitario. Remata indicando o voto favorable do seu grupo á moción do BNG.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que non se pode construír unha moción con argumentos nesgados, como vai explicar a continuación. Explica que ninguén é alleo a que a atención primaria pasa por un mal momento, debido a que existe

un desequilibrio entre a oferta e a demanda, por falta de recursos humanos, é dicir, de persoal sanitario. Neste senso sinala que o conselleiro de Sanidade de la Junta de Extremadura ven de afirmar que “la escasez de médicos no es un problema de presupuesto”, e que recentemente na CA de Asturias estase a dar a mesma problemática. É moi significativo que o grupo socialista apoie esta moción e non a aplique para solucionar a mesma problemática onde goberna. Respecto á petición da moción de incremento dos orzamentos sinala que no orzamento xeral da Xunta para o exercicio de 2023 vense de incrementar este en 137 millóns de euros, no relativo á atención primaria. Sobre a petición relativa a incrementar a estabilidade dos cadros de persoal para rematar coa precariedade e a explotación, sinala que é unha afirmación totalmente esaxerada, lembrando que neste verán chegouse a acordo coa Mesa sectorial onde están todas as organizacións sindicais para compensar o exceso de horas pola falla de recursos humanos. Piden ofertas atractivas para fidelización de profesionais, lembrando que se levan agardando 5 anos a que o goberno central aplique o acordo de reformar a lei do persoal estatutario para incentivar que se cubran as prazas de difícil cobertura. Sobre esta cuestión indica que a Xunta xa tomou cartas no asunto coa creación dunha categoría de facultativo especialista de primaria e a súa provisión extraordinaria por concurso de méritos, medida que, por certo, é pioneira no Estado español. Respecto ao punto cuarto na moción, no que se pide a incorporación doutras categorías novas, sinala que o orzamento xeral da Xunta para o 2023 prevé a creación de 134 prazas deste nivel asistencial. Sobre a petición de apoio á iniciativa legislativa de SOS Sanidade Pública, sinala que esta parte de premisas totalmente erradas, e que a plataforma que promove esta non responsabiliza para nada ao goberno do Estado da situación actual, plataforma que curiosamente está liderada polo que foi nomeado polo Consello asesor do goberno bipartito da Xunta de Galicia. Remata sinalando que os argumentos desta moción non van por bo camiño.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza manifestando a súa sorpresa porque o voceiro do grupo popular nin leu nin defendeu a súa emenda á moción presentada polo BNG. A continuación sinala que os datos oficiais en Galicia indican que máis da metade dos MIR que remataron a súa formación desde 2017 rexeitaron traballar en atención primaria, e que moitos dos que empezaron a traballar en atención primaria xa non están nesta especialidade. Recentemente o presidente do Colexio de Médicos de Ourense afirmou o gran problema da atención primaria é que máis da metade dos residentes de medicina familiar marchan a urxencias, PACS ou á privada, e que ese é o gran problema, xa que podemos sacar

máis prazas, pero nada solucionamos se os que están na especialidade se van. Engade que os propios profesionais explican que a maior parte dos médicos pais asesoran aos seus fillos e fillas que tamén son médicos para marchar, e hai residentes que fan 72 horas de xornada semanal, o que se aproxima bastante á explotación laboral, e todo isto para poder chegar a un salario xusto ao final do mes. Faltan médicos en atención primaria, é certo, pero hai que ser crítico coa Xunta de Galicia, que é a máxima responsable da xestión. Pide que deixen de poñer pantallas e maquiñiñas nun servizo que está infradotado, como é a o da atención primaria. Dos MIR que remataron o ano pasado en Galicia, de 83 prazas, so quedan 33 en atención primaria, polo que o feito de que se saquen máis prazas é só unha pequena parte para solucionar este problema.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que está de acordo en que falta persoal sanitario, pero que entón a pregunta é saber realmente porque faltan, xa que hai médicos que se especializan en atención primaria pero logo non queren traballar nesta especialidade, debido á precariedade laboral, polo que é fundamental facer atractiva esta especialidade. Ademais existe un gran desequilibrio entre o orzamento da atención primaria e os servizos hospitalarios. Sobre a emenda de substitución do grupo popular volve insistir en que o que deben facer é presentar a súa propia moción e non actuar por esta vía.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalado que o punto segundo da súa emenda xa sinala que se pide ampliar pola vía de urxencia as prazas MIR de primaria para o que é preciso acometer a revisión do sistema de acreditación de unidades docentes que foi acordada por unanimidade entre o Ministerio e comunidades autónomas no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de saúde de 2018. Engade que ten que ser o Ministerio o que permita crear a especialidade de urxencias. Respecto á instalación de pantallas para a chamada de pacientes sinala que se trata dunha obriga que ven imposta pola normativa de protección de datos de carácter persoal. A continuación sinala que a maior parte dos MIR que terminan a súa formación ingresan no noso sistema sanitario, e que hai que sumar os que veñen doutras CCAA do Estado, polo que o saldo sae positivo. Para rematar sinala que os orzamentos do SERGAS por primeira vez chegan na atención primaria aos 1.500 millóns de euros, e o problema real é que non hai profesionais sanitarios coa residencia finalizada que poidan ser contratados.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda comeza sinalando que o saldo non pode ser positivo, se, tal como dixo o voceiro popular, marcharon 20 e viñeron 10. A partir de aí, sinala que a situación dos servizos de urxencias actualmente denigra aos profesionais sanitarios e denigra aos pacientes, cunha situación lamentable na que non hai nin biombos. Engade que hai 4 anos gobernaba o PP e daquela tampouco se sacaron prazas MIR e sabíase que este problema estaba enriba da mesa e ninguén fixo nada, nin daquela nin agora. Se vostedes pensan que cambiando a moción do BNG e impondo a súa van solucionar o problema, non vai ser así. Remata indicando que é moi pouco democrática a actuación do grupo popular que renuncia a presentar a súa propia moción e emprega a vía de emendar e opacar a moción dos outros grupos da corporación, aplicando o rolo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (1).

A continuación sométese a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de DO (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita.

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Crear o antes posible, axilizando o máximo posible a súa tramitación, a especialidade de urxencias e emerxencias, antes de que se convoque o próximo exame MIR. Para evitar así que persoas que queren exercer en urxencias ocupen unha praza de MIR en primaria.
2. Ampliar pola vía de urxencia as prazas MIR de primaria para o que é preciso acometer a revisión do sistema de acreditación de unidades docentes que foi acordada por unanimidade entre o Ministerio e Comunidades Autónomas no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de saúde de 2018.
3. Aproveitar o novo sistema máis flexible de acreditación para realizar un incremento extraordinario de arredor de mil prazas formativas desta especialidade máis nas

convocatorias MIR dos vindeiros anos, que corrixa a situación de déficit de estes especialistas en toda España.

4. Para planificar con mellor previsión a oferta formativa é preciso que o Goberno de España asuma o compromiso pendente de creación dun rexistro estatal de profesionais sanitarios para prever os déficits de profesionais no futuro.

11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de novembro de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

13º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Susana Rodríguez (Grupo Socialista). Logo de varias solicitudes de información e preguntas presentadas polo noso grupo provincial socialista, algunhas delas aínda sen respostas a día de hoxe, e tamén noutro incumprimento por parte do presidente desta Deputación Provincial de Ourense aos seus propios anuncios como está a acontecer coa determinación da “sede provisional” para a localización da Deputación anunciada que se coñecería antes de xuño deste ano 2022, ao que temos que engadir, ao revés, as súas manifestacións como aconteceu co comunicado emitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no que se refire á opción de traslado ao edificio da Audiencia. ¿Está xa determinada cal será a sede provisional da Deputación de Ourense para desta vez cumprir o anuncio do traslado que se produciría no segundo semestre de 2023? ¿En que data se celebrou e cales foron os acordos que se tomaron na última reunión da mesa anunciada para o mes de outubro?

Sr. presidente, di que a resposta á primeira pregunta é que non. En resposta á segunda pregunta di que en todas as xuntanzas que se están a manter estase a avaliar as distintas posibilidades por parte dos servizos técnicos para o traslado da actividade administrativa a

unhas instalacións provisionais, cando se tomen decisións definitivas informárase oportunamente.

Rosario Rodríguez (Grupo Socialista). Aproveita para desexarlles bo Nadal a todos. Continúa dicindo que na estrada provincial OU-0502, no termo municipal do Concello da Peroxa, comezáronse a executar unhas obras de mellora nunha das curvas do seu trazado. O comezo destas foi nos meses do verán, realizando diversos traballos durante varias semanas con maquinaria e empregados desta Deputación Provincial de Ourense. Desde hai xa moitas semanas, estas obras están paralizadas, cunha sinalización deficiente, sobre todo pola noite, con escasa visibilidade destas, xa que boa parte dos sinais xa non son reflectantes nin funcionan xa os elementos luminosos que se instalaron, que se agravan nestas semanas de moita choiva, e sobre todo de intensa néboa. ¿Para cando está previsto o remate destas obras? ¿Cales son os motivos polos que están paralizadas? ¿Cales son as actuacións que estaban previstas e cales quedan pendentes? ¿A canto ascende o orzamento destas obras? ¿Teñen previsto unha revisión da sinalización para garantir unha maior seguridade aos usuarios desta vía nese punto?

O Sr. presidente dá lectura do informe emitido pola directora da Área de Infraestruturas, con seguinte contido: As obras de mellora de trazado na OU-0502 Toros (OU-0529) – Os Peares (N-120) foron executadas con medios propios en dúas fases. A primeira fase consistiu na realización dos movementos de terras para acadar a cota de explanación, e foi levada a cabo entre o 13 de abril e o 19 de maio polo parque de maquinaria. A segunda fase pretendía o afirmado da explanada. Esta actuación foi iniciada o 19 de outubro polas brigadas do Servizo de Vías e Obras, unha vez remataron os traballos de cooperación previstos cos concellos durante o verán do ano 2022. Tras efectuar o reperfilado da rasante, a obra tivo que ser interrompida o 11 de novembro ao non darse as condicións climatolóxicas axeitadas para levar a cabo os traballos. O motivo polo que as obras están paralizadas é que non é tecnicamente recomendable realizar regas con grava miúda sobre superficies molladas, nin cando a temperatura ambiente sexa inferior a 10°C. As obras serán reiniciadas cando cesen as limitacións á execución que se acaban de expoñer. O orzamento da actuación, segundo a resolución 2022/10637 que autoriza á execución da obra, é de 40.874,23 euros. Non consta na Área de Infraestrutura ningunha incidencia nin reclamación pola sinalización da actuación.

Non obstante o anterior, procederase a revisar esta por se fose necesario mellorar a situación existente.

José Ignacio Gómez (Grupo Socialista). Quere aclarar que trae aquí estas preguntas porque non se responden no concello no que se tiñan que responder, xa que xa se preguntou por estas cuestións nos anos 2016, 2019, 2020 e 2021. Con respecto á penúltima pregunta (dietas de quilometraxe) cre case seguro que don Rosendo non as cobra, pero ten que ver coa última pregunta, en alerta do que pasaría porque se estaría incumprindo a lei. As preguntas son as seguintes: ¿Considera o presidente da Deputación de Ourense que a situación que se está a producir no concello onde é concelleiro o presidente da Comisión de Contas, Facenda e Economía desta Deputación Provincial de Ourense é axeitada e sobre todo legal? ¿Está de acordo o presidente da Deputación en que exista esta marxinación entre o que se lle paga a membros da corporación e ao resto dos traballadores dese concello? ¿Considera o vicepresidente primeiro desta institución axeitado cobrar case o triplo os cargos públicos membros da corporación do Concello da Merca que o resto dos traballadores dese mesmo concello? ¿Cobra o vicepresidente primeiro desta institución esas dietas de quilometraxe como membro da Corporación do Concello da Merca? En caso afirmativo ¿tributa ante a AEAT polo valor que supera eses 0,19 € por quilómetro libres de tributación? Remata dicindo que cre que a quilometraxe que se cobra nos concellos son insuficientes, polo que cre que hai que incrementalos

Sr. presidente, en relación coa primeira pregunta, considera que é un acordo plenario que hai que respectar e non debemos cuestionar. No pleno do Concello da Merca de data 26 de xuño de 2019, no seu punto 9: dedicacións exclusivas e asistencias acordouse o seguinte: Propón tamén que os membros da Corporación que non teñan dedicacións percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte como figura nos orzamentos aprobados e con respecto ao alcalde percibirá dietas diarias de desprazamento desde o seu domicilio ao concello, para atender os labores ordinarios da Alcaldía; o tenente de alcalde e o concelleiro de facenda percibirán dietas de desprazamento diarias desde o seu domicilio ao Concello e o tenente de alcalde e concelleiro de Cultura e Deportes percibirá dietas de desprazamento tres días á semana, desde o seu domicilio ao Concello. En canto á segunda e á terceira preguntas responde, que, como xa dixo, é un acordo plenario da corporación respectando a súa autonomía municipal e desde a institución non entramos a

cuestionar acordos plenarios doutras institucións. Con respecto á cuarta pregunta responde que non, e pasa a dar lectura ao certificado da secretaria do Concello da Merca en relación coas retribucións do vicepresidente primeiro da Deputación nese Concello. “Que, examinados os antecedentes existentes nas oficinas deste Concello, don Rosendo Luís Fernández Fernández, concelleiro deste Concello, non recibe remuneración en concepto de asistencia, dietas ou indemnizacións a órganos colexiados nin ningunha outra actividade relacionada co cargo que ostenta ao renunciar a elas, e isto é efectivo desde a toma de posesión na lexislatura 2015-2019, igual que na presente lexislatura que se iniciou no ano 2019. En canto á última pregunta responde que evidentemente, non pode tributar por algo que non cobra.

Bernardo Varela (BNG). Pregunta se xa se fixo a licitación para a xestión de Meisa e se xa se coñece o resultado.

O Sr. presidente responde que non temos coñecemento desa licitación.

Bernardo Varela (BNG). Pide que se lle traslade desde esta institución ao Sergas e a Xunta de Galicia a necesidade de dotar instalacións ou locais para a doazón de sangue e extracción, mediante aférese, nas mellores condicións para o doador, xa que a día de hoxe só se pode doar no autobús habilitado.

Por último, e como xa ten pedido en reiteradas ocasións, solicita que se incoe algún expediente de nomeamento de filla predilecta para algunha muller. Trae as seguintes propostas: D.^a Antonia Ferrín Moreiras, nada en Ourense en 1914 e falecida en 2009. Matemática e profesora, licenciada en Química e Farmacia e foi a primeira astrónoma galega e a primeira muller española que defendeu unha tese de astronomía. Foi apartada da docencia no ano 1937 polas súas ideas, pero máis tarde puido volver exercer. A outra proposta é Marisa Crespo, nada en Cea en 1961, cardióloga de referencia mundial. Foi nomeada membro da Heart Failure Society of América e na actualidade é xefa da sección de insuficiencia cardíaca e transplante do CHUAC. Remata dicindo que se non se atender estes rogos o seu grupo presentará unha moción, xa que non quere acabar a lexislatura se que se faga un expediente deste tipo a algunha unha muller.

Roga que teñan boas festas e que o próximo ano sexa bo para todos, dentro das dificultades, e un recordo especial para Miguel e para todos os veciños e veciñas da provincia.

Sr. presidente súmase aos bos desexos e deséxalles boas festas a todos e feliz ano, e toma nota dos rogos feitos polo BNG en canto a Antonia Ferrín e Marisa Crespo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/bIPGiaeTlQhOkRjWB41aizP5r7uSBz6EwTYoIVKKZ9cPl880.mp4>

SHA512

f0477405cd09100a304ed139fee7f2595ce220982672cfd9da957f803c1083929dd9cf9
b98394d6fd8fba1ec47b6f0aec321e2826b2928ec50a377f78fa35eea

E, ás 12.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.